

PROTOCOLO de entradas e saídas do centro

1. Xustificación: o presente protocolo ten como finalidade controlar o acceso ao colexio en horario lectivo, para garantir a seguridade dos alumnos neste horario.
2. O acceso de alumnos de Infantil, ESO e Bac. farase polo portón xunto ao *Xardín dos cans*.
3. O acceso de alumnos de Primaria farase polo portón xunto ao quiosco “da Teresa”.
4. Na seguinte táboa especifícanse as horas de apertura e peche de ditos portóns para cada etapa nos distintos momentos da xornada escolar:

	Mañá				Tarde		
	Entrada		Saída		Entrada		Saída
	Abre	Pecha	Abre	Pecha	Abre	Pecha	Abre
Infantil	9:50	10:05	13:25	13:40	15:20	15:35	17:25
Primaria	9:50	10:05	13:25	13:40	15:20		17:25
ESO-Bac		08:28	14:10	14:20	15:20	16:00 (luns)	

5. Os acompañantes que veñen cos alumnos de Primaria non deben superar as escaleiras do primeiro nivel do patio; a partir de alí os alumnos de 1º a 4º deben ir sós ata o polideportivo e os de 5º e 6º á cuberta paralela ao campo de fútbol, onde se reunirán cos seus compañeiros e profesores para entrar na orde que se indique.
6. En ESO-Bac. o comezo efectivo das clases é ás 8:30, polo que pecharase a porta da escaleira ás 8:28, debendo ir os alumnos que cheguen a partir desa hora á aula multiusos ata a clase seguinte.
7. Cando os portóns estean pechados, o acceso ao centro farase sempre desde portería.
8. Casos particulares:
 - **Gardería:** desde 7:45 a 08:30 polo portón ou portería. A partir das 08:30 só desde portería.
 - **Biblioteca matinal** (desde 4º Primaria): portería, de 09:00 a 09:15.
 - **Actividade de inglés Kith e Nenoos** (Infantil e Primaria): portería, ás 08:55.
 - **Exames de recuperación ESO-Bac.:** segundo horario e lugar de entrada que indique o profesor.
 - **Aula de traballo ESO-Bac.** (martes): portería, 16:30.
 - **Sala Aberta, Amencer e Catecumenado:** portería; venres, a partir das 16:00.
 - **Apoio educativo** (ESO) en Amencer: portería, ás 16:00.
 - **“Liga Centenario”:** mércores, entrada polo portón, ata ás 16:00.
 - **Adestramentos deportivos:** polo portón, ás 16:00.
 - **Recreos:** soamente poden saír os alumnos de Bacharelato, segundo indicacións da Xefa de Estudos.
9. Os conserxes están obrigados a levar un rexistro de entradas e saídas de alumnos en horario lectivo, anotando o nome, hora, motivo, persoa que os recolle (sinatura e DNI).
10. Cando un alumno deba abandonar o colexio en horario escolar por sentirse mal, por cita médica, ou por motivos familiares, seguirase este procedemento:
 - Os alumnos de Infantil, Primaria e 1º ciclo de ESO non poden abandonar o centro en horario escolar se non son recollidos por algún dos seus pais ou persoa autorizada.
 - Os alumnos de 3º ESO en adiante poderán abandonar o centro nos casos anteriormente ditos co consentimento dos pais, ben escrito, pola plataforma ou por teléfono.
11. En todos estes casos os pais fanse responsables dos seus fillos que saen.